

INTERVENCIÓN

MLV/slb

Refª: ispac985890069357500031.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 28-2024 Auxiliar admvo. Medio Ambiente

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS
OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DO NOMEAMENTO
DUN/DUNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A NA CATEGORÍA DE AUXILIAR
ADMINISTRATIVO/A PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA VACANTE NO SERVIZO
DE MEDIO AMBIENTE**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 28-2024, por un importe total de 15.786,84 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden do nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a na categoría de auxiliar administrativo/a para a cobertura dunha praza vacante no Servizo de Medio Ambiente co fin de que non se paralice por incumprimento de prazos e por a non efectividade da incoación dos expedientes o traballo xa realizado.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1036/2024, do 09.07.2024 así como o RCMOD núms.: Ref.: 49525/2024, Ref.: 49526/2024, Ref.: 49527/2024, Ref.: 49528/2024, por importes 5.923,44 €, 2.462,88 €, 3.593,40 € e 3.807,12 € respectivamente de 09.07.2024.

Advertiuse xa pola intervención municipal da excepcionalidade que deberían ter estas modificacións de crédito no exercicio aínda que se trata de gastos do capítulo 1 pero neste caso, débese considerar que corresponde a aplicacións da mesma política de gasto, polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais e unha vez se detraiga da aplicación que cede crédito non poderá esta volver a incrementarse vía transferencias de crédito, polo que se estima admisible neste caso concreto.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 15.786,84 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

INTERVENCIÓN

MLV/slb

Refª: ispac985890069357500031.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 28-2024 Auxiliar admvo. Medio Ambiente

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
16100.12003	5.923,44	17000.12004	5.923,44 €
16100.12100	2.462,88	17000.12100	2.462,88 €
16100.12101	3.593,40	17000.12101	3.593,40 €
16100.16000	3.807,12	17000.16000	3.807,12 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	15.786,84	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	15.786,84 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.